

ABAU 2022

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

**FUNDAMENTOS DA ARTE II  
(Cód. 50)**

**Pregunta 1. J.M. William TURNER e Joan MIRÓ.**

J.J.M. William TURNER: (Bloque 1. O Romanticismo, B1.6)

Joan MIRÓ: (Bloque 5. O surrealismo e outras vanguardas, B5.3/B5.4)

**1.1.** Sitúe os dous artistas no seu contexto histórico (económico, social, cultural...) (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Situar o contexto histórico de **Turner** (1775-1851). Revolución industrial en Gran Bretaña (1760-1840), máquina de vapor, cambios sociais e económicos, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- Situar o contexto histórico de **Miró** (1893-1983). Guerra Civil en España, a Segunda Guerra Mundial, consecuencias sociais, políticas e económicas das guerras. (Ata: 0,50 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**1.2.** Determinar a traxectoria dos dous artistas. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- **Turner.** Paisaxista romántico, Turner fai que o paisaxe sexa unha pintura da historia, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- **Miró.** Pasando polo fauvismo, a síntese cubista e o futurismo chega o surrealismo abstracto cunha linguaxe propia nacida do “onorismo esquemático” e cun universo simbólico novo, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**Pregunta 2. Análise das obras propostas.**

Turner, 1840: ***Sun Setting over a Lake***. Óleo sobre tea, (91x122,5 cm).

Tate: <https://www.tate.org.uk/art/artworks/turner-sun-setting-over-a-lake-n04665>

Miró, 1965: ***Música del crepúsculo I***. Óleo sobre tea, (16x24 cm).

Fundació Joan Miró: <https://www.fmirobcn.org/es/colección/catalogo- obras/5419/p-musica-del-crepusculo-i-p>

**2.1.** Identifique e describa o estilo ao que pertence ***Sun Setting over a Lake*** de Turner e analice as características formais desta obra. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Características do romanticismo (romanticismo en Inglaterra) e características formais da obra en cuestión. (Ata: 0,75 puntos).
- Citar outros artistas románticos e románticos ingleses. (Ata: 0,25 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**2.2.** Identifique e describa o estilo ao que pertence ***Música del crepúsculo I*** de Miró e analice as características formais desta obra. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Características do surrealismo abstracto e características formáis da obra en cuestión. (Ata: 0,75 puntos).
- Citar outros artistas surrealistas. (Ata: 0,25 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,50 puntos.

**Pregunta 3.** Reflexión sobre ***Sun Setting over a Lake*** de Turner, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). (Puntuación ata: 2,5 puntos).

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata: 0,75 puntos.
- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: 0,5 puntos.
- Aportación persoal ata: 1 punto.

- Valorarase a claridade expositiva ata: 0,25 puntos.

**Pregunta 4.** Reflexión sobre ***Música del crepúsculo I*** de Miró, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). (Puntuación ata: 2,5 puntos).

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata: 0,75 puntos.
- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: 0,5 puntos.
- Aportación persoal ata: 1 punto.
- Valorarase a claridade expositiva ata: 0,25 puntos.

**Pregunta 5. Antonio LÓPEZ e Juan GRIS.**

Antonio LÓPEZ: (Bloque 10. Os anos 60-70, B10.6)

Juan GRIS: (Bloque 3. As Vangardas , B3.14)

**5.1.** Sitúe os dous artistas no seu contexto histórico (económico, social, cultural...) (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Situar o contexto histórico de **Antonio LÓPEZ** (nace en 1936). Consecuencias da Guerra Civil Española e transformación da sociedade ata a actualidade, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- Situar o contexto histórico de **Juan GRIS** (1887-1927). Vive en París a Primeira Guerra Mundial unha das máis sanguentas guerras europeas, consecuencias económicas, políticas e sociais, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**5.2.** Determinar a traxectoria dos dous artistas. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- **Antonio López G.** Paradigma do hiperrealismo español, pintor do cotidiano, de retratos de familia, de rúas madrileñas, etc. (Ata: 0,50 puntos).
- **Juan Gris.** Cubismo sintético cun revolucionario modo de pintar renunciando á perspectiva renacencista, ó naturalismo, etc. (Ata: 0,50 puntos).

- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**Pregunta 6. Análise das obras propostas.**

**LÓPEZ, Antonio**, 1967: *Lavabo y espejo*. Óleo sobre tea (96,5x83,8 cm).

Museum of Fine Arts, Boston: <https://collections.mfa.org/objects/398828/lavabo-y-espejo-sink-and-mirror?ctx=6cc6564b-5ded-4ab3-8bb7-1ffe60e576db&idx=7>

**GRIS, Juan**, 1912: *El lavabo*. Óleo e espellos pegados sobre tea (130x89 cm). Colección particular.

**6.1.** Identifique e describa o estilo ao que pertence *Lavabo y espejo* de A. López e analice as características formais desta obra. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Características do realismo, hiperrrealismo español e características formais da obra en cuestión. (Ata: 0,75 puntos).
- Citar outros artistas realistas ou hiperrealistas do momento. (Ata: 0,25 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,25 puntos.

**6.2.** Identifique e describa o estilo ao que pertence *El lavabo* de Gris e analice as características formais desta obra. (Puntuación ata: 1,25 puntos).

- Características do cubismo sintético e características formais da obra en cuestión. (Ata: 0,75 puntos).
- Citar outros artistas cubistas. (Ata: 0,25 puntos).
- Valorarase a claridade expositiva, ata: 0,50 puntos.

**Pregunta 7.** Reflexión sobre *Lavabo y espejo* de Antonio López, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). (Puntuación ata: 2,5 puntos).

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata: 0,75 puntos.

- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: 0,5 puntos.
- Aportación persoal ata: 1 punto.
- Valorarase a claridade expositiva ata: 0,25 puntos.

**Pregunta 8.** Reflexión sobre *El lavabo* de Gris, atendendo: ao contido simbólico, á intencionalidade expresiva do artista e á diferenza de percepción entre a época da obra proposta e a actualidade (interpretación persoal coma espectador). (Puntuación ata: 2,5 puntos).

Exposición clara das ideas:

- Aspectos xerais da obra ata: 0,75 puntos.
- Empleo de terminoloxía específica da arte ata: 0,5 puntos.
- Aportación persoal ata: 1 punto.
- Valorarase a claridade expositiva ata: 0,25 puntos.